

Un camiño de teatro e pedras entre *La Tribuna* e *Cigarreiras*

Inma López Silva

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

inmalopezsilva@gmail.com

(recibido novembro 2024, aceptado xaneiro 2025)

No primeiro centenario da morte de Emilia Pardo Bazán celebrado en 2021, o dramaturgo e director Cándido Pazó, á fronte da súa compañía Contraproducións, decidiu encarar un proxecto non doado: levar ao teatro unha novela da escritora que lle permitise participar na homenaxe e facer a súa propia reivindicación e lectura da condesa; a obra escollida foi *La Tribuna*, novela publicada en 1883. Proposta coma unha produción de tamaño importante para os estándares galegos¹, os retos do proxecto, en realidade, non se achaban no aspecto escénico, senón no dramaturxico, o verdadeiro corazón do espectáculo —finalmente titulado *Cigarreiras*— e pedra axial onde conflúen todas as decisións escénicas da proposta onde Cándido Pazó brilla.

Se todo proceso de transdución escénica encarna unha dificultade no que atinxe ao cacarexado *respecto polo sentido* da obra orixinal, é obvio que, sobre a hermeneuse dunha das novelas cumio da escritora canónica da literatura española, descansan expectativas que o dramaturgo non pode obviar e que, dun xeito ou doutro, deben ser satisfeitas no espectáculo teatral. É obvio que, de *La Tribuna*, Pazó extrae os piares temáticos da súa proposta: a loita de clases e o feminismo; mais a historia completa da cigarreira Amparo e a coralidade inherente á novela de Pardo Bazán non *caben* nos condicionantes dramaturxicos dunha obra de teatro, e aí é onde o director, no proceso de selección do material narrativo e de poda de todo aquilo que pode ser novela pero non teatro, bate de fronte coas expectativas xeradas por ambos figuróns, a autora e a obra.

Pode parecer que a solución a este reto só é de carácter formal: o personaxe de Emilia Pardo Bazán (fermosamente interpretado por Susana Dans) resolve a través dos seus apartes ou mesmo a través da súa propia intervención na diéxese, longas secuencias narrativas que, dalgún xeito, penetran na obra desde a novela. Mais, en realidade, a solución é de orde

¹ No elenco, sete das actrices máis recoñecidas do teatro galego dos últimos anos: Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Covadonga Berdiñas, Ana Santos e Leticia Sola. A escenografía foi asinada por Dani Trillo, o vestuario por Martina Cambeiro, a iluminación correu ao cargo de Afonso Castro. A obra contou con música orixina de Manuel Riveiro. Por suposto, foi adaptada e dirixida por Cándido Pazó. *Cigarreiras* foi coproducida entre Contraproducións e o Teatro Romea, onde foi programada durante tres semanas en febreiro e marzo do 2022. Despois aínda percorrería diversas localidades galegas e españolas.

estética e crítica, e ese personaxe, imprescindíbel na dramaturxia de Pazó —non simple homenaxe gratuíta á autora—, é acertado precisamente porque canaliza ambos os dous aspectos. A canonicidade de Pardo Bazán sérvelle a Cándido Pazó para introducir na peza os motivos que a xeran e, ao tempo, a súa maior dificultade, facendo virtude dunha necesidade practicamente estrutural: como contar *La Tribuna* sen falar das lecturas posteriores da novela e da autora desde as que, hoxe, estamos obrigadas a entender a obra? Que acontece ao traer á actualidade unha obra do século XIX cuxas opinións —controvertidas algunhas xa no seu momento— semellan aos nosos ollos do XXI, “reaccionarias e progresistas a un tempo”, coma a súa autora²?

En lugar de optar por unha actualización plena da obra (solución socorrida decote no teatro galego deste primeiro cuarto do XXI), Pazó mantén no seu *Cigarreiras* a estética naturalista de *La Tribuna*, unha estética, de por parte, perfectamente vivente e especialmente socorrida no teatro burgués ao que apela a súa proposta e onde se dirixiron as fórmulas de produción e distribución. Por outra banda, é sabido que en *La Tribuna*, Pardo Bazán practica, precisamente, unha sorte de tese do naturalismo que xa fora exposta por ela mesma no conxunto de artigos de 1882 titulado *La cuestión palpitante* e no que se achegaba ás ideas de Émile Zola arredor da necesidade de empregar o realismo na literatura para un obxectivo de orde sociopolítica, xunguindo así con habelencia o texto orixinal e mais a súa versión teatral.

Hai, nas decisións escénicas do director, unha vontade en achegarse ao estilo naturalista, especialmente evidente na dirección de actrices, no vestiario e mesmo nun uso da música como ilustración algo melodramática que fai unha chiscadela ao aspecto *burgués*. Pero *Cigarreiras* é, ademais, unha obra-comentario, un drama que, como no seu día acontecera con *La Tribuna*, emprega a arte para achegar ao público unha serie de cuestións de orde social e política que son debidamente aclaradas pola Pardo Bazán-personaxe que comenta a súa propia obra facéndose eco dalgunhas das interpretacións posteriores da novela. Asemade, o comentario do personaxe permite explicar ao público actual cuestións de carácter histórico que sería farragoso introducir no diálogo mais que son esenciais para entender a dimensión política da obra que Cándido Pazó, moi conscientemente, reivindica.

En *La Tribuna* hai unha lectura da loita de clases a través do episodio da folga de traballadoras na fábrica de tabaco de Marineda (A Coruña), pero tamén a través da propia historia de cada unha desas mulleres que sofren en carne propia a desigualdade e a precariedade, por seren pobres e por seren mulleres. Por iso a palabra “xustiza” —e derivadas varias— é unha das máis repetidas na voz de Amparo, e tamén por iso o ritmo da peza está marcado polos momentos de intimidade. Neles, ponse sobre as táboas todo o poder escénico do dramatismo canalizado a través das interpretacións naturalistas das actrices, —especialmente de Tamara Canosa como Amparo e de Isabel Naveira como Ana, A Donicela—, empregando a emoción como fórmula para lograr a empatía do público cara ás diversas causas e preocupacións que Pazó tira da coralidade de *La Tribuna*. Esa complexidade coral estoura, en fin, nese grupo de algo máis de media ducia de mulleres que loitan pola súa dignidade e a súa liberdade, vencellando a esas dúas máximas a cuestión política do tempo

² Así se define a autora no dossier informativo para programadores do espectáculo, dispoñíbel na web de Contraproducións (<https://www.contraproductions.com/wp-content/uploads/2021/08/dossier-cigarreiras-1.pdf>). [Data da consulta: 8/1/2025].

referido por Pardo Bazán, desde a Revolución Gloriosa, ata o republicanismo, pasando polo movemento obreiro.

É así como *Cigarreiras* entra e sae de *La Tribuna* sen pretender reinterpretala nin actualizala; só recolle os aspectos que conduciron a crítica a considerala unha das obras clave do naturalismo español, os que permiten rescatar para a actualidade moitas das súas reflexións e debates, sobre todo aqueles que atinxen a lectura feminista da obra. Hai, por iso, unha clara vontade feminizadora nas decisións de dirección, desde o *casting* e a aparencia das actrices ata un proceso de adaptación que, reducindo á mínima expresión os caracteres masculinos presentes na novela, atribúe os seus parlamentos á Pardo-Bazán transfigurada nos seus propios personaxes. É, unha vez máis, a chiscadela de xénero de Cándido Pazó cara á autora á que homenaxea.

Quizais, máis alá da evidente vontade de reivindicar como atemporais as causas xustas sobre as que escribe Pardo Bazán en *La Tribuna*, o autor e director simplemente quixo facer unha desas homenaxes humanas, emocionantes e admiradas á valentía e sagacidade da escritora que, en lugar de empregar a súa influencia e fortuna para facer medrar aínda máis a súa influencia e fortuna —como sería de agardar—, utilizounas para facer da súa capa un saio, liberarse, apropiarse dos aspectos virís que lle atribuían, e usurpar ruidosamente un espazo que, como muller, lle era vedado pero que, como intelectual, merecía coma ninguén. *Cigarreiras* tamén conta esa historia.